

CENTRO: C.P.I. PLURILINGÜE VIRXE DO MONTE (COSPEITO)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

CURSOS: PRIMEIRO, SEGUNDO, TERCEIRO E CUARTO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

ANO ACADÉMICO: 2021-2022

Táboa de contido

1. GLOSARIO	3
2. CONTEXTO	5
3. OBXECTIVOS	5
3.1. OBXECTIVOS DA ESO	5
4. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN	7
4.1. 1º DE E.S.O.....	7
4.1.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO PARACHUTE 1).....	7
4.1.2. CONTIDOS XERAIS TRABALLADOS EN TODAS AS AVALIACIÓNS	9
4.1.3. TEMPORALIZACIÓN	12
4.2. 2º DE E.S.O.....	12
4.2.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO PARACHUTE 2).....	13
4.2.2. CONTIDOS XERAIS TRABALLADOS EN TODAS AS AVALIACIÓNS	16
4.2.3. TEMPORIZACIÓN	19
4.3. 3º DE E.S.O.....	19
4.3.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO PARACHUTE 3)	20
4.3.2. CONTIDOS XERAIS TRABALLADOS EN TODAS AS AVALIACIÓNS	21
4.3.3. TEMPORIZACIÓN	25
4.4. 4º E.S.O.....	25
4.4.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO PARACHUTE 4)	25
4.4.2. CONTIDOS XERAIS TRABALLADOS EN TODAS AS AVALIACIÓNS	27
4.4.3. TEMPORIZACIÓN	31
5. RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES CON CADA UNIDADE	31
5.1. 1º DE E.S.O.	33
5.2. 2º DE E.S.O.....	70
5.3. 3º DE E.S.O.	74
5.4. 4º DE E.S.O.	88
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	94
7. METODOLOXÍA	94

8. AVALIACIÓN	96
8.1. AVALIACIÓN INICIAL.....	96
8.2. AVALIACIÓN CONTINUA.....	96
8.3. AVALIACIÓN FINAL.....	98
8.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	98
8.5. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES.....	98
9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	99
9.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.....	99
9.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	99
10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	100
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	102
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	108
13. DATOS DO DEPARTAMENTO	109
14. REFERENCIAS NORMATIVAS	109
14.1. ESTATAL.....	109
14.2. AUTONÓMICA.....	110

1. GLOSARIO

<i>Desenvolvemento curricular</i>	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
<i>Programacións didácticas</i>	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
<i>Programación de aula</i>	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
<i>Programación didáctica</i>	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar. / 2. Que, cando e como avaliar. / 3. Como atender á diversidade.
<i>Criterios de avaliación</i>	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
<i>Estándares de aprendizaxe</i>	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
<i>Criterios de cualificación</i>	
<i>Indicadores de logro</i>	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de

	dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa gradación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
<i>Grao de consecución dun estándar</i>	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
<i>Criterios de cualificación e instrumentos</i>	Serven para ponderar “ o valor ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
<i>Procedementos e instrumentos</i>	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
<i>Rúbrica</i>	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
<i>Portfolio</i>	Achega de producións dun alumno/a.
<i>Gradación dos estándares</i>	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
<i>Perfil de área</i>	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
<i>Perfil competencial</i>	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
<i>Avaliación das competencias</i>	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
<i>Nivel de desempeño das competencias</i>	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).

Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: SLEB1.1.2 SLE: Abreviatura da área: Segunda Lingua Estranxeira. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

2. CONTEXTO

O C.P.I. Virxe do Monte é un centro público dependente da Consellería de Educación. Está situado na localidade de Feira do Monte, capitalidade municipal do concello de Cospeito, na provincia de Lugo. Este concello conta con 6000 habitantes aproximadamente, distribuídos en 20 parroquias que o conforman.

A actividade económica predominante é o sector agro-gandeiro, aínda que tamén están presentes a pequena industria (construción e maquinaria agrícola) e os servizos na capitalidade. O nivel socioeconómico e cultural das familias sitúase no ámbito medio-baixo.

Parte do alumnado do centro procede do centro adscrito de primaria de Muimenta. Gran parte do alumnado procede do medio rural e adoita desprazarse uns 15 kilómetros en transporte escolar. Este alumnado tamén acostuma ser usuario do comedor escolar.

No centro impártense os estudos de Infantil, Primaria e ESO.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS DA ESO

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 10 os obxectivos da etapa, que son os seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Así mesmo, o antedito Decreto 86/2015 indícanos o currículo para a materia de Segunda Lingua Estranxeira, onde nos indica que os obxectivos marcados para esta materia son os seguintes: **a, c, d, e, i, o.**

4. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN

4.1. 1º DE E.S.O

Os contidos que nos marca o currículo (DECRETO 86/2015) están segmentados en 5 bloques e en contidos sintáctico-pragmáticos por idiomas.

Durante as tres avaliacións traballaranse os 5 bloques e os contidos sintáctico-pragmáticos indicados para Francés. Para o traballo dos contidos empregaremos como fío condutor o libro *Parachute 1* de Santillana, ademais de material extra preparado pola profesora para ampliar ou afondar nos temas que sexan necesarios.

4.1.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO PARACHUTE 1)

	Communication	Grammaire	Vocabulaire
1ª avaliación (unidades 0, 1 e 2)	<ul style="list-style-type: none"> - Saudar. - Presentarse e presentar a alguén. - Dicir a cor preferida. - Identificar e describir un obxecto. - Comunicar na clase. - Falar de horario do colexio. - Pedir información sobre alguén. - Expresar os gustos persoais. - Describir a alguén. - Dicir a data. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Comment tu t'appelles ?</i> - <i>S'appeler: je, tu, il, elle</i> - <i>Comment ça va ?</i> - <i>Qui est-ce ?</i> - <i>C'est...</i> - <i>Articles définis et indéfinis.</i> - <i>Qu'est-ce que c'est ? C'est...</i> - <i>Verbes en -er: je, tu, il, elle</i> - <i>Verbe être</i> - <i>Le féminin des adjectifs</i> - <i>Le pluriel</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Mots transparents.</i> - <i>Les salutations.</i> - <i>L'alphabet.</i> - <i>Les couleurs.</i> - <i>Les nombres de 0 à 20.</i> - <i>Le matériel de classe.</i> - <i>Les matières scolaires.</i> - <i>Les couleurs.</i> - <i>Les jours de la semaine.</i> - <i>Les mois de l'année.</i>

			<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les nombres de 20 à 31.</i> - <i>Sports et loisirs.</i> - <i>Les adjectifs de description.</i>
2ª avaliación (unidades 3 e 4)	<ul style="list-style-type: none"> - Dar precisións sobre algo. - Describir accións. - Falar de ecoloxía. - Situarse no espazo. - Preguntar e dicir a idade. - Falar da familia. - Dar ordes ou consellos. - Expresar a pertenza. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>La négation.</i> - <i>Verbes en -er: nous, vous, ils, elles; forme affirmative et négative.</i> - <i>On = nous.</i> - <i>Les prépositions de lieu.</i> - <i>Les adjectifs possessifs.</i> - <i>Le verbe avoir.</i> - <i>L'impératif affirmatif.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les verbes d'action..</i> - <i>Recyclage et écologie.</i> - <i>Les nombres jusqu'à 100.</i> - <i>Les parties du corps.</i> - <i>La famille.</i> - <i>Les médias.</i>
3ª avaliación (unidades 5 e 6)	<ul style="list-style-type: none"> - Facer compras e comentarios sobre roupa. - Preguntar e dicir a causa de algo. - Preguntar e dar a hora. - Falar das tarefas cotiás. - Propoñer, pedir ou rexeitar. - Falar das comidas. - Falar da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les adjectifs démonstratifs.</i> - <i>Le verbe mettre.</i> - <i>Pourquoi, parce que...</i> - <i>Le verbe faire.</i> - <i>Les articles partitifs.</i> - <i>Le verbe prendre.</i> - <i>Les verbes pronominaux.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les vêtements.</i> - <i>L'heure.</i> - <i>Les formules de politesse (emploi de tu ou vous).</i> - <i>Les aliments.</i> - <i>Les repas.</i> - <i>Les activités quotidiennes.</i>

4.1.2. CONTIDOS XERAIS TRABALLADOS EN TODAS AS AVALIACIÓNS

Bloque	Contidos	Competencias
1. Comprensión de textos orais	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. - Identificación de palabras clave. - Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). - Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. - Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	
2. Produción de textos orais	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. - Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou de "estranxeirización" de palabras da lingua meta. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

	<ul style="list-style-type: none"> - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>	
3. Comprensión de textos escritos	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	
4. Produción de textos escritos	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. 	
5. Coñecemento da lingua, e consciencia	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. 	

<p>intercultural e plurilingüe</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos fonolóxicos máis básicos. - Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. B5.4. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. B5.5. Funcións comunicativas: - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. 	
<p>Elementos sintáctico-discursivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>parce que</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>plus, moins</i>); explicativas (<i>parce que</i>). ▪ Relacións temporais (<i>avant, après</i>). ▪ Exclamación (<i>Oh là là !, On y va !</i>); interxección (<i>oui !, non! Zut !</i>) ▪ Negación (<i>ne/n'...pas</i>). ▪ Interrogación (<i>qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses</i> (p. ex. <i>oui, non</i>); <i>est-ce que ?</i>; <i>adjectif interrogatif</i> (p. ex. <i>quel est ton sport préféré ?</i>). ▪ Expresión do tempo: presente; futuro (<i>présent, futur proche</i>); <i>impératif</i>. 	

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (<i>présent</i>). ▪ Expresión da modalidade: factualidade (<i>phrases déclaratives</i>); capacidade (<i>pouvoir</i>); necesidade (<i>il faut+infinitif</i>); obriga/prohibición (<i>il faut, impérativo</i>); permiso (<i>pouvoir : est-ce que je peux... ?</i>); intención/deseño (<i>vouloir</i>); cortesía (<i>distinction tu/vous</i>). ▪ Expresión da existencia (presentativos, <i>c'est, ce sont</i>); da entidade (p. ex. <i>articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques</i>); os presentativos (ex. <i>c'est, voilà, il est</i>); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. <i>il y a, il n'y a pas</i>); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares). ▪ Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; <i>articles partitifs</i>). Adverbios de cantidade e medidas (<i>un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube</i>) ▪ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbies de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)</i>). ▪ Expresión do tempo: puntual (<i>l'heure, moments du jour (le matin, le soir)</i>) ; indicacións de tempo (<i>aujourd'hui</i>); duración (<i>de... à</i>); secuenciación (<i>à partir de + heure</i>); frecuencia (<i>d'habitude</i>). ▪ Expresión do modo (<i>à / en + medios de transporte</i>).
--	---

4.1.3. TEMPORALIZACIÓN

Avaliación	Contidos	Unidade Parachute1	Sesións	Mes
1ª avaliación	B1	0	4-5	setembro - outubro
		1	7-8	outubro - novembro
2ª avaliación	B2	2	7-8	novembro - decembro
	B3	3	7-8	xaneiro - febreiro
3ª avaliación	B4	4	7-8	febreiro - marzo
	B5	5	7-8	abril - maio
		6	7-8	maio - xuño

4.2. 2º DE E.S.O.

Os contidos que nos marca o currículo (DECRETO 86/2015) están segmentados en 5 bloques, ademais dos contidos sintáctico-pragmáticos para cada idioma.

Durante as tres avaliacións traballaranse os 5 bloques e os contidos sintáctico-pragmáticos. Para o traballo dos contidos empregaremos como fío condutor o libro *Parachute 2* de Santillana, ademais de material extra preparado pola profesora para ampliar ou afondar nos temas que sexan necesarios.

4.2.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO PARACHUTE 2)

	Communication	Grammaire	Vocabulaire
1ª avaliación (unidades 0, 1 e 2)	<ul style="list-style-type: none"> - Reactivar os coñecementos. - Describir unha escea. - Falar da volta au cole. - Falar das actividades. - Comunicar na clase. - Describir fisicamente a unha persoa ou a un animal. - Informarse da identidade de alguén. - Indicar a nacionalidade e o país. - Expresar o que se sente. - Indicar un camiño. - Indicar a onde se vai, de onde se vén. - Facer proposicións; aceptar ou rexeitar. - Falar de proxectos inmediatos. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les verbes au présent.</i> - <i>Faire de, jouer de, jouer à.</i> - <i>Les mots interrogatifs.</i> - <i>C'est un/une... qui.</i> - <i>Prépositions de lieu (villes et pays).</i> - <i>Avoir mal au/à la/aux.</i> - <i>Les verbes pouvoir et vouloir.</i> - <i>Aller à.</i> - <i>Venir de.</i> - <i>Le futur proche.</i> - <i>On = tout le monde.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Vêtements et couleurs.</i> - <i>Le matériel scolaire.</i> - <i>Les grands nombres (jusqu'à un million).</i> - <i>Adjectifs de description.</i> - <i>Les pays et les nationalités.</i> - <i>Les sensations (faim, soif, mal, peur).</i> - <i>La ville: lieux, itinéraires...</i> - <i>Professions.</i> - <i>Activités et loisirs.</i>

<p>2ª avaliación (unidades 3 e 4)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Invitar a alguén: aceptar, rexeitar unha invitación. - Expresar a posesión. - Facer compras nunha tenda de alimentación. - Explicar unha receita de cociña. - Precisar unha cantidade. - Falar da casa, do cuarto, dos obxectos persoais. - Contar acontecementos en pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les adjectifs possessifs.</i> - <i>Je voudrais...</i> - <i>Les pronoms COD avec l'impératif.</i> - <i>La quantité.</i> - <i>Les prépositions de lieu avec de.</i> - <i>Le passé composé: formation et auxiliaires.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Achats et magasins d'alimentation.</i> - <i>Les aliments.</i> - <i>Les recettes.</i> - <i>La maison.</i> - <i>Expressions de lieu.</i>
<p>3ª avaliación (unidades 5 e 6)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Pedir nun restaurante. - Falar dos costumes e da alimentación. - Descubrir a lingua poética. - Contar anécdotas no pasado. - Falar das estacións, do tempo que vai. - Informarse e dar información precisa sobre un animal. - Facer comparacións. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Le pronom en.</i> - <i>Le passé composé: participes passés.</i> - <i>Le comparatif et le superlatif.</i> - <i>Le futur simple: formation et verbes irréguliers.</i> - <i>Les pronoms COD avec le présent et le futur.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les ustensiles de table.</i> - <i>Expressions de temps (fréquence).</i> - <i>Les aliments.</i> - <i>Les saisons et la météo.</i> - <i>Les animaux de la savane.</i> - <i>Les grands nombres (mesures et quantités).</i> - <i>Expressions de temps (futur).</i>

	- Falar do futuro (previsións e proxectos).		
--	---	--	--

4.2.2. CONTIDOS XERAIS TRABALLADOS EN TODAS AS AVALIACIÓNS

Bloque	Contidos	Competencias
1. Comprensión de textos orais	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; - Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. - Identificación de palabras clave. - Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ ou específica) - Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. - Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
2. Produción de textos orais	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. - Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa - Execución: - Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. - Lingüísticos: - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD

	<p>meta.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Petición de axuda. - Paralingüísticos: - Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p>	
<p>3. Comprensión de textos escritos</p>	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	
<p>4. Produción de textos escritos</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos 	

	<p>dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	
<p>5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos máis básicos. - Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe. <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. 	

	<ul style="list-style-type: none"> - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. 	
Elementos sintáctico-discursivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>comme</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>le plus, le moins</i>); consecuencia (<i>alors</i>); explicativas (<i>parce que</i>). ▪ Relacións temporais (<i>d'abord, ensuite, il y a</i>). ▪ Exclamación (<i>quel + nom !, désolé !</i>); interxección (<i>si ! Bravo !</i>). ▪ Negación (<i>pas de, rien</i>). ▪ Interrogación (inversión (V + Suj.); réponses (<i>si, pron. tonique + oui/non</i>)). ▪ Expresión do tempo: presente; presente progresivo (<i>être en train de</i>); pasado (<i>passé composé avec avoir et être sans accords</i>); futuro (<i>futur proche</i>). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: <i>je voudrais</i>). ▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: <i>souvent</i>); incoativo (<i>aller + Inf.</i>). ▪ Expresión da modalidade: factualidade (<i>phrases déclaratives</i>); capacidade (<i>savoir</i>); posibilidade/probabilidade (<i>peut-être</i>); necesidade (<i>il faut</i>); obriga/prohibición (<i>il faut, verbe devoir, imperativo</i>); permiso (<i>pouvoir, demander</i>); intención/deseo (<i>je voudrais</i>); cortesía. ▪ Expresión da existencia (<i>il y a, il n'y a pas</i>); a entidade (p. ex. <i>articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs</i>); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios); a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos). ▪ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dúas cifras; <i>articles partitifs</i>). Adverbios de cantidade e medidas (<i>un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte</i>, ▪ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,...), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)</i>). ▪ Expresión do tempo: puntual (<i>demain matin, jeudi soir</i>); divisións (<i>en (année)</i>); indicacións de tempo (<i>demain, hier</i>); duración (<i>de...jusqu'à, en ce moment</i>); anterioridade (<i>il y a...</i>); posterioridade (<i>après</i>); secuenciación (<i>à partir de</i>); frecuencia (<i>d'habitude, une/deux/... fois par...</i>). ▪ Expresión do modo. 	

4.2.3. TEMPORIZACIÓN

Avaliación	Contidos	Unidade	Sesións	Mes
1ª avaliación		0	4-5	setembro - outubro
	B1	1	7-8	outubro - novembro
	B2	2	7-8	novembro - decembro
2º avaliación	B3	3	7-8	xaneiro - febreiro
	B4	4	7-8	febreiro - marzo
3º avaliación	B5	5	7-8	abril - maio
		6	7-8	maio - xuño

4.3. 3º DE E.S.O

Os contidos que nos marca o currículo (DECRETO 86/2015) están segmentados en 5 bloques, ademais en contidos sintáctico-pragmáticos.

Durante as tres avaliacións traballaranse os 5 bloques e os contidos sintácticos-pragmáticos. Para o traballo dos contidos empregaremos como fío condutor o libro *Parachute 3* de Santillana, ademais de material extra preparado pola profesora para ampliar ou afondar nos temas que sexan necesarios.

4.3.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS (SEGUINDO AS UNIDADES DO LIBRO *PARACHUTE 3*)

	Communication	Grammaire	Vocabulaire
1ª avaliación (unidades 0, 1 e 2)	<ul style="list-style-type: none"> - Falar da volta ao cole, do horario. - Coñecer aos compañeiros. - Falar dos gustos e das costumes. - Presentar e describir a alguén. - Dicir a nacionalidade de alguén. - Falar da personalidade. - Insistir en algo. - Describir o aspecto de alguén. - Expresar os gustos con paixón. - Participar nun casting. - Contar anécdotas pasadas. 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les temps: présent et passé composé.</i> - <i>Les mots interrogatifs.</i> - <i>Il/elle est et c'est.</i> - <i>À, en, au, aux + ville ou pays.</i> - <i>Le genre des adjectifs.</i> - <i>La négation: rien, jamais.</i> - <i>Les adverbes d'intensité.</i> - <i>Le passé composé (affirmatif/négatif, verbes pronominaux).</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Les sentiments.</i> - <i>La vie quotidienne: collège, activités extrascolaires, goûts.</i> - <i>Pays et nationalités.</i> - <i>Les adjectifs de personnalité (qualités et défauts).</i> - <i>Les signes du zodiaque.</i> - <i>Les vêtements et les accessoires.</i> - <i>La description physique.</i> - <i>Expressions de temps (chronologie).</i>
